



CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

EXPEDIENTE 2024/E001/000006. Proceso selectivo dunha persoa tractorista ao abeiro do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e o concello de Touro para prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2024.

Acta do Tribunal do proceso de selección dunha persoa tractorista ao abeiro do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e o concello de Touro para prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2024.

Constitúese o tribunal de selección, conforme a composición determinada no Decreto de Alcaldía nº 159/2024 de 7 de maio de 2024 para proceder á realización do proceso de selección dunha persoa tractorista ao abeiro do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e o concello de Touro para prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2024, todo isto de conformidade co previsto nas bases de selección aprobadas por resolución de Alcaldía nº 125/2024 de 2 de abril de 2024.

Lugar: "Nave de Servicios Municipales"

Día: 13 de maio de 2024

Hora de comezo: 16:30 horas

Hora de remate: 17:30 horas

Asistentes:

Presidente: Manuel Rodríguez Calvo

- Vogal 1º: Jesús Fernández Pereira

- Secretario: Elías Rodeiro Tato

Non asisten:

- Vogal 2ª: Nieves González Mujico

- Vogal 3ª: Paz Gutiérrez Abella

Reúnese o Tribunal de selección co obxecto de realizar a proba práctica, na que se valorará o manexo do tractor e os seus accesorios.

Valorarase a destreza, calidade do traballo, coñecemento do material ou a maquinaria e tempo empregado nesta proba práctica.

Cualificarase de 0 a 10 puntos sendo excluídos/as os/as aspirantes es que non acaden o mínimo cinco puntos (5 puntos). A cualificación deste exercicio efectuarase con 2 decimais. Corresponderá ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar a puntuación mínima.

Corresponde ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar a puntuación mínima.

Procedeuse ao chamamento das persoas que constan na lista de admitidos:

Apelidos e nome	Observacións
Barreiro Tato Alberto	COMPARECE
López Aldrey Lino	COMPARECE
Mallo Sánchez Pablo Manuel	COMPARECE

A continuación procedeuse a realización das probas por parte dos aspirantes que asisten ao proceso, no que se valorou a proba de conformidade co seguinte:

- Proba de manexo vehículo e maquinaria (6 puntos).

- Proba de coñecementos básicos do mantemento do vehículo e maquinaria. (4 puntos)

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

Valorando:

- A destreza no manexo do vehículo e maquinaria.
- A calidade no traballo.
- Os coñecementos básicos do mantemento do vehículo e maquinaria.
- O tempo empregado.

O Tribunal por unanimidade outorga as seguintes puntuacións

Nome e apelidos	Proba de manexo vehículo e maquinaria 6 puntos	Proba coñecementos básicos mantemento do vehículo e maquinaria 4 puntos	Total puntuación 10 puntos	Proba galego
Barreiro Tato Alberto	5,90	3,90	9,80	Apto
López Aldrey Lino	0,00	3,80	3,80 Excluído	
Mallo Sánchez Pablo Manuel	3,00	2,80	5,80	Apto

Á vista das puntuacións obtidas, o Tribunal, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO. Elevar a listaxe das persoas aprobadas para os efectos da contratación, propoñendo a contratación de Alberto Barreiro Tato.

SEGUNDO. Formar a seguinte listaxe (bolsa de traballo), por orde decrecente de puntuación:

Pablo Manuel Sánchez Mallo

Non sendo outro o obxecto da sesión levántase a sesión ás 17:30 horas do día indicado de todo o cal se dá fe, asinando os membros do Tribunal.

Presidente

Manuel Rodríguez Calvo

Vogal

Jesús Fernández Pereira

Secretario

Elías Rodeiro Tato

